



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: citinfo@usc.es
<http://mais.usc.es>

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 3/2017**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo I da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Ter cumpridos os 16 anos .
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique no anexo I da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: citinfo@usc.es
<http://maisd.usc.es>

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo II desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitios no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente:

Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario:

Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D

Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura no anexo I destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren no anexo I destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollos ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: citinfo@usc.es

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador proponente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, no anexo I desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, no anexo I desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: ditinfo@usc.es

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas


Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

Por delegación do Reitor

(Resolución do 22/09/2015, DOG 05/10/2015)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,

Isabel Rodríguez-Moldes Rey



ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN131

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS

| | |
|------------------------|---|
| Denominación | Participación en el Observatorio Pierre Auger: AugerPrime. - RETOS 2015 |
| Centro de Traballo | Instituto Galego de Física de Altas Enerxías |
| Investigador principal | Zas Arregui, Enrique |

CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS

| | |
|---------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Estudo de fluctuaciones nonúmero de muones a partir do análisis de eventos inclinados no Observatorio Pierre Auger |
| Retribución bruta mensual | 1184.73 € |
| Duración do contrato* | 3 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA

Licenciado/a - Grao en Física. **Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS A VALORAR

Experiencia en análisis de datos de Rayos cósmicos de altas enerxías, 25 puntos.
Experiencia en Software del Observatorio Pierre Auger, 25 puntos.
Publicaciones en Astrofísica de Partículas, 25 puntos.
Entrevista (sólo para candidatos que superen 60 puntos en los méritos anteriores), 25 puntos.

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN067

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Búsqueda de nueva física en asimetrías con violación CP en LHCb. – EXCELENCIA 2015 |
| Centro de Trabajo | Facultade de Físicas |
| Investigador principal | Adeva Andany, Bernardo |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | facer unha determinación publicable, e presentala para a súa defensa, da fracción de desintegración en dobre Kstar neutro, e da súa polarización, dos mesons Bd e Bs, no experimento LHCb do CERN |
| Retribución bruta mensual | 1400 € |
| Duración do contrato* | 3 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

| TITULACIÓN REQUIRIDA |
|---|
| Licenciado/a - Grao en Física. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Master en Física de Partículas y Nuclear, 40 puntos. Pertencencia al experimento LHCb del CERN, 40 puntos. Experiencia en desintegraciones de mesones B, 20 puntos. |

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG005

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Axuda complementaria aos contratos postdoutorais da modalidade B 2016 |
| Centro de Traballo | Facultade de Físicas |
| Investigador principal | Cabanelas Eiras, Pablo |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Simulación e análise de datos do detector Tragaldabas |
| Retribución bruta mensual | 631,86 € |
| Duración do contrato* | 6 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Física. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Máster en Física Avanzada ou Física Nuclear, 30 puntos. Manexo con soltura de sistema operativo Linux e programación orientada a obxectos, en particular C++, 10 puntos. Experiencia e manexo de programas de simulación e análise de datos en Física, en particular Geant e ROOT, 10 puntos. Coñecementos sobre detectores de radiación, en particular detectores gaseosos, 10 puntos. Coñecemento sobre Física de raios cósmicos e cascadas atmosféricas, 10 puntos. Entrevista persoal, 30 puntos. |

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PG023

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1809 Biodiversidade e botánica aplicada BIOAPLIC |
| Centro de Traballo | Escola Politécnica Superior |
| Investigador principal | Aira Rodríguez, María Jesús |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Illar e contabilizar as partículas biolóxicas do aerosol presente en plantacións de oleáceas e vitáceas na comunidade galega, complementado co traballo fenolóxico |
| Retribución bruta mensual | 450 € |
| Duración do contrato* | 10 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Axudante de apoio á investigación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| FP II - Ciclo Superior en Laboratorio rama sanitaria |
| MERITOS A VALORAR |
| Experiencia en cultivo e illamento de fungos, 20 puntos. Experiencia en análise palinolóxica: viabilidade, xerminación e produción de pole., 20 puntos. Asistencia a cursos relacionados coa microbioloxía e os riscos sanitarios, 20 puntos. Entrevista persoal aos dous mellores candidatos, 40 puntos |

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG016.00

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GRC GI-1488 NaFoMat |
| Centro de Traballo | Facultade de Físicas |
| Investigador principal | Gallego del Hoyo, Javier |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Preparación e caracterización termofísica de líquidos iónicos e mesturas |
| Retribución bruta mensual | 1379 € |
| Duración do contrato* | 10 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Técnico/a superior de apoio á investigación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Física ou Química |
| MERITOS A VALORAR |
| <p>Acreditación de investigación en líquidos iónicos e con técnicas de caracterización termofísica, 30 puntos. Doutorado no ámbito das Ciencias de Materiais, 30 puntos. Entrevista personal (só aos tres candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores), 40 puntos.</p> |

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG016.01

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GRC GI-1488 NaFoMat |
| Centro de Traballo | Facultade de Físicas |
| Investigador principal | Gallego del Hoyo, Javier |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | caracterización óptica de cristais líquidos iónicos. Estudar a súa estrutura e as súas propiedades ópticas, en particular a anisotropía no índice de refracción |
| Retribución bruta mensual | 720 € |
| Duración do contrato* | 10 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Física . Estar matriculado nun programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Master con sólida formación en fotónica, 30 puntos. Actividades formativas ou de investigación en líquidos iónicos e cristais líquidos iónicos, 15 puntos. Expediente académico, 10 puntos. Dominio de inglés certificado, 5 puntos. Entrevista personal (so para aqueles candidatos que obteñan un mínimo de 35 puntos na suma das puntuacións obtidas nos apartados anteriores), 40 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN059

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Nanografenos e hidrocarburos policíclicos aromáticos funcionales: diseño, síntesis y propiedades. RETOS 2016 |
| Centro de Traballo | Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) |
| Investigador principal | Pérez Meiras, María Dolores |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Deseño e síntesis de compostos policíclicos aromáticos con propiedades optoelectrónicas de interés |
| Retribución bruta mensual | 1184,73 € |
| Duración do contrato* | 10 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Expediente académico e máster , 30 puntos. Experiencia en síntesis caracterización de compostos aromáticos, 30 puntos. Entrevista persoal (limitada aos candidatos que acaden unha puntuación mínima de 35 puntos nos méritos anteriores), 40 puntos. |

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG036.00

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GPC GI-1618 Tecnoloxías para o desenvolvemento de bioproductos industriais |
| Centro de Traballo | Escola Técnica Superior de Enxeñaría |
| Investigador principal | Moreira Martínez, Ramón Felipe |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Modificación térmica de amidóns. Caracterización mecánica de xeis de amidón. Estudo da adición de biopolímeros (carraxenina, garrofín e guar). Encapsulación de extractos bioactivos de algas nos xeles formados. Estudos de estabilidade |
| Retribución bruta mensual | 1121,72 € |
| Duración do contrato* | 10 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Investigador/a asociado/a |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Doutor/a en Enxeñaría Química |
| MERITOS A VALORAR |
| Coñecementos e experiencia en reoloxía, 50 puntos. Experiencia en caracterización mecánica de xeles, 30 puntos. Coñecemento de técnicas de modificación fisicoquímica de amidóns, 20 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG036.01

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GPC GI-1618 Tecnoloxías para o desenvolvemento de bioproductos industriais |
| Centro de Traballo | Escola Técnica Superior de Enxeñaría |
| Investigador principal | Moreira Martínez, Ramón Felipe |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Illamento de amidón de diferentes fontes amiláceas e a súa caracterización fisicoquímica. Granulometría e corimetría e análise térmica mecánica. Posta a punto e manexo de técnicas de laboratorio |
| Retribución bruta mensual | 850 € |
| Duración do contrato* | 1 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Máster en rama de enxeñaría, 10 puntos. Experiencia en caracterización de amidóns, 30 puntos. Coñecemento de técnicas de análise térmico (DMTA), 60 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG050

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GPC GI-1510 Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo |
| Centro de Traballo | Facultade de Xeografía e Historia |
| Investigador principal | Vigo Trasancos, Alfredo Manuel |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Realización dunha base de datos de edificios desaparecidos do patrimonio monumental de Galicia (1800-1936) -Coordinación e xestión dunha reunión científica e da publicación das correspondentes actas -Xestión administrativa do grupo de investigación |
| Retribución bruta mensual | 600 € |
| Duración do contrato* | 14 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Técnico/a superior de apoio á investigación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Xeografía e Historia |
| MERITOS A VALORAR |
| <p>Especialidade en Historia da Arte Moderna e Contemporánea, 5 puntos. Especialidade en Xeografía, Historia e Arte de Galicia, 5 puntos. Publicacións sobre historia da arquitectura e urbanismo de Galicia, 7 puntos. Traballos de catalogación de planimetría ou cartografía histórica, 25 puntos. Experiencia en traballo con bases de datos, 10 puntos. Becas de investigación desfrutadas, 3 puntos. Coñecemento idioma inglés (mínimo B2), 5 puntos. Experiencia previa en proxectos ou grupos de investigación no campo da historia da arquitectura e do urbanismo, 15 puntos. Actividades de formación e/ou docencia, 10 puntos. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos 15 puntos</p> |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN063

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Nanoestructuras moleculares funcionales para dispositivos optoelectrónicos: química en disolución. RETOS 2016 |
| Centro de Traballo | Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) |
| Investigador principal | Peña Gil, Diego |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Síntesis de moléculas aromáticas de tamaño nanométrico |
| Retribución bruta mensual | 1184.73 € |
| Duración do contrato* | 6 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Expediente académico, 30 puntos. Experiencia en síntesis de moléculas orgánicas, 30 puntos. Entrevista personal aos 4 mellores candidatos 40 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG015.00

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Agrupacións estratéxicas 2016 - CIQUS |
| Centro de Traballo | Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) |
| Investigador principal | Pérez Meiras, María Dolores |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Coordinación da posta en marcha do Proxecto Estratéxico de Investigación do CIQUS. Identificación, promoción e seguimento de liñas de investigación colaborativas, Asistencia especializada a elaboración de propostas e proxectos H2020, Seguimento de indicadores, asistencia especializada na elaboración de informes e memorias científicas |
| Retribución bruta mensual | 1330 € |
| Duración do contrato* | 6 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Parcial |
| Categoría laboral | Investigador/a asociado |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Doutor/a en Química |
| MERITOS A VALORAR |
| Curriculum vitae (publicacións, becas e contratos de investigación, etc), 20 puntos, Experiencia investigadora en entorno internacional, 20 puntos., Experiencia investigadora o de xestión en programas H2020/FP7 y/o en entornos universidade-empresa, 15 puntos. Inglés (imprescindible buen nivel de inglés hablado e escrito), 10 puntos. Entrevista personal (limitada a candidatos que obtengan una puntuación mínima de 40 puntos en los apartados anteriores), 30 puntos. Referencias (incluír en CV datos de contacto de 2 persoas que poidan proporcionar referencias; se solicitarán referencias de los candidatos que obtengan una puntuación mínima de 65 puntos en los apartados anteriores)), 5 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG015.01

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Agrupacións estratéxicas 2016 - CIQUS |
| Centro de Traballo | Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) |
| Investigador principal | Pérez Meiras, María Dolores |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Soporte especializado para as infraestructuras de apoio instrumental asociadas ao Proxecto Estratéxico de Investigación do CIQUS. Mantemento e soporte de equipos de apoio instrumental: GC, GC-MS, HPLC, HPLC-MS, espectrofotómetros UV-Vis e FTIR, fluorímetros, sintetizadores de péptidos, Deseño de experimentos e asistencia a investigadores en relación co uso dos equipos indicados, Apoio a formación de usuarios |
| Retribución bruta mensual | 1600 € |
| Duración do contrato* | 10 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Técnico/a superior de apoio á investigación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Química, ou Farmacia |
| MERITOS A VALORAR |
| Formación (expediente, formación de posgrado), 20 puntos. Experiencia en manejo y mantenimiento de equipos (GC, GC-MS, HPLC, HPLCMS, espectrofotómetros UV-Vis y FTIR, fluorímetros, sintetizadores de péptidos), 30 puntos. Otros méritos (inglés, cursos relacionados con el puesto: técnicas instrumentales, prevención de riesgos, etc.), 10 puntos. Prueba práctica de manejo de equipo/s (limitada a candidatos que obtengan unapuntuación mínima de 40 puntos en los apartados anteriores), 15 puntos. Entrevista personal (limitada a candidatos que obtengan una puntuación mínima de 40 puntos en los tres primeros apartados), 25 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: gitinfo@usc.es

duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG044

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GPC GI-2118 Análisis sensorial, valoración nutricional y desarrollo de nuevos alimentos |
| Centro de Traballo | Facultade de Veterinaria |
| Investigador principal | Vázquez Vázquez, Manuel |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Análisis Sensorial: gestión de panel de catadores. Selección de catadores, Procesado de datos de análisis sensorial, Elaboración de informes |
| Retribución bruta mensual | 1184.73 € |
| Duración do contrato* | 8 meses y 23 días |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Máster en Innovación en Seguridad y Tecnología Alimentarias, 60 puntos. Experiencia en Gestión de Paneles de Catadores, 30 puntos. Resúmenes en Congresos Internacionales, 10 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN157

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Competencias sociais para una cidadanía democrática: análise, desenvolvemento e avaliación. - RETOS 2015 |
| Centro de Traballo | Facultade de Ciencias da Educación |
| Investigador principal | López Facal, Ramón |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Recollida e procesamento dos datos dos grupos de traballo dos IES de Valencia e Galicia: gravación e transcrición de entrevistas, enquisas a estudantes e profesores e producións do alumnado; organización dos datos recollidos na base de datos FileMaker e procesamento co programa Atlas-ti. |
| Retribución bruta mensual | 1184.73 € |
| Duración do contrato* | 2 meses y 2 días |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Historia , Xeografía , Humanidades , Socioloxía, Xornalismo. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Coñecemento de inglés, 25 puntos. Master en Formación de Profesorado de Educación Secundaria (Ciencias Sociais), 20 puntos. Coñecemento doutras Linguas da Unión Europea diferentes do castelán, galego e portugués 10 puntos. Experiencia en xestión de web e redes sociais, 20 puntos. Experiencia en organizar e/ou coordinar reunións científicas de Didáctica das Ciencias Sociais (Simposios, sSeminarios, etc.), 25 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG038

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Consolidación e estruturación - 2016 GPC GI-1948 Produción, calidade e tecnoloxía do leite e outros alimentos |
| Centro de Traballo | Facultade de Veterinaria |
| Investigador principal | Rodríguez Otero, José Luis |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Estudos en benestar animal en granxas de vacuno e análise microbiolóxicas partir do protocolo Welfare Quality, Determinacións microbiolóxicas no laboratorio, Tratamento estatístico de datos |
| Retribución bruta mensual | 1184.73 € |
| Duración do contrato* | 9 meses y 17 días |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Veterinaria. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Experiencia en benestar en vacuno, 40 puntos. Experiencia en produción ecolóxica, 20 puntos. Coñecementos acreditados de inglés, 40 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN095

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Regulación de la virulencia en el patógeno emergente de peces Photobacterium damsela subsp. damsela: aplicaciones a la prevención y el control. RETOS 2016 |
| Centro de Traballo | Instituto de Acuicultura |
| Investigador principal | Rodríguez Osorio, Carlos |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Estudo da influencia da temperatura na membrana celular e na expresión xénica en Photobacterium damsela, e estudo de mutantes afectados na estrutura celular |
| Retribución bruta mensual | 1250 € |
| Duración do contrato* | 9 meses |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Investigador/a en formación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Bioloxía. Estar mariculado nun Programa de Doutoramento na USC |
| MERITOS A VALORAR |
| Master en Acuicultura, 40 puntos. Experiencia en mutaxénese de procariotas por transposición, 20 puntos. Experiencia na técnica MIDI de análise de ácidos graxos para estudo de mutantes de membrana en bacterias, 20 puntos. Participación en proxectos de Investigación e en ponencias en congresos relacionados coas funcións a realizar, 20 puntos |

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG064

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|--|
| Denominación | Consolidación e estruturación - MODALIDADE D 2016 |
| Centro de Traballo | Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) |
| Investigador principal | Rivadulla Fernández, José Francisco |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|---|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | Deposición de películas delgadas de materiais ferroeléctricos mediante PLD e caracterización de relación entre estrutura e transporte eléctrico e térmico |
| Retribución bruta mensual | 1477.13 € |
| Duración do contrato* | 10 meses y 10 días |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
| Xornada laboral | Tempo Completo |
| Categoría laboral | Técnico/a superior de apoio á investigación |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS |
|---|
| TITULACIÓN REQUIRIDA |
| Licenciado/a - Grao en Química |
| MERITOS A VALORAR |
| <p>master en ciencia de materiais ou similar, 30 puntos. Experiencia en preparación de películas de óxidos por PLD, 30 puntos. experiencia en caracterización estrutural de películas delgadas de óxidos, 20 puntos. Entrevista persoal , 20 puntos.</p> |

* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e da duración da actividade/proxecto de investigación.

* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN029

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS | |
|--|---|
| Denominación | Manipulación de paredes de dominio en materiais ferroicos para el diseño de válvulas de fonones activas. RETOS 2016 |
| Centro de Traballo | Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) |
| Investigador principal | Rivadulla Fernández, José Francisco |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS | |
|---------------------------------------|--|
| Número de prazas | 1 |
| Traballo a realizar | cálculos de estrutura electrónica baseados no teoría do funcional da densidade nas propiedades térmicas e termoeléctricas de SrTiO ₃ e outros óxidos simples, principalmente espectros de fonones e propiedades elásticas |
| Retribución bruta mensual | 1200 € |
| Duración do contrato* | 6 meses e 29 días |
| Data de inicio prevista* | A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección |
